


Vostede atópase aquí ;)

Sesión 9

Moitas técnicas comunes



Estas fases soen/poden darse de forma simultánea ou noutra orde en determinados casos... aquí tratarémolas diferenciadas para poder organizar as reunións do seminario.



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Investigamos

Sesión 9

Trátase da fase de **maior duración** xa que é na que se van a desenvolver **a meirande parte das tarefas, actividades e exercicios do noso proxecto.**

Durante esta fase **poden ir aparecendo novas preguntas como resultado da investigación**, poderemos incorporalas ou non ó noso proxecto se resulta de interese para o grupo, complementa o traballo planificado, mellora a resposta doutras preguntas... etc.

É posible que durante a investigación **dalgunha pregunta** esta quede **sen responder...** é o resultado lóxico do método científico en certos casos: tal vez precisemos “máis axuda” (de outras aulas, de expertos...), tal vez as fontes de información no foron as axeitadas.... **o alumnado ten que ser consciente de que isto sucede e deben ser activos na formulación de hipóteses das causas deste “relativo fracaso” e buscar alternativas que permitan superalo.**



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e
investigación

Como investigamos na aula? Técnicas e dinámicas

Sesión 9

- Como **docentes deberemos ter planificado nas nosas U.D.I. por exemplo empregando mapas conceptuais ou similares: que tarefas, actividades e exercicios imos a levar a cabo cos nosos alumnos durante a “fase de investigación”.**
- **A elaboración dos produtos sociais relevantes (productos finais) pode ser posterior á investigación ou paralela á investigación** elaborándoa a medida que van xurdindo novos coñecementos...

O obxectivo último da investigación, e do que os alumnos deben ser coñecedores, é a de dar resposta ás preguntas plantexadas na fase previa a través de:

- Traballo directo por equipos coas fontes de información.
- Levar a cabo actividades e exercicios planificados polo docente para guiar a investigación que permita dar resposta ás preguntas.
- Levando a cabo **experimentos reais e produtos sociais relevantes** (productos finais) que permitan, ben descubrir as respostas e/ou contar os descubrimentos ós demais.
- etc...



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Tarefa, actividade, exercicios

Sesión 9

Resumindo... NON É TRABALLO A MAIORES!!! (SUBSTITÚE)

Na fase “investigamos” **incluiremos, ademais de outras, todas aquelas tarefas, exercicios, e actividades que todos e todas empregamos nas noas aulas de forma habitual**, pero nesta ocasión dentro dun contexto motivante, enfocados á elaborar un produto final socialmente relevante e no que son activos os alumnos en todo momento.

Non se trata de “reinventar a roda” senón de introducir no traballo co proxecto aquilo que facemos pero de xeito non-contextualizado, dándolle unha significatividade: redaccións, cartas, crear libros, ler novas dun xornal, facer cáculos e operacións xeométricas, aritméticas, resolver problemas (pero agora si serán da vida real), ler de forma individual ou en grupo (pero agora con un tema motivante e finalidade clara)... e centos delas máis.

Seremos creativos e tamén introduciremos novas actividades e exercicios que non soemos empregar nas aulas: facer grabacións, land-art, videocontos, T.I.C...

Exemplo de mapa conceptual dun proxecto E.I.



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Pero que exercicios e actividades escollo?

Sesión 9

Deberemos pensar no seguinte:

- fan que o alumno as vexa como “que serven para algo”?
- teñen unha finalidade clara dentro do proxecto? en que contribúen á investigación?
- permiten o traballo en equipos ou individualmente?
- permiten que non todos traballen á vez no mesmo? Por que teñen que facelo?
- contribúen á elaboración do produto final socialmente relevante? É clara para o alumnado esta contribución?
- están deseñados de forma aberta, de xeito que permita aportacións por parte do alumnado e cambios.




P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Vostede atópase aquí ;)

Sesión 9

Moitas técnicas comunes



Estas fases soen/poden darse de forma simultánea ou noutra orde en determinados casos... aquí tratarémolas diferenciadas para poder organizar as reunións do seminario.



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Que facemos co descuberto?

Sesión 9

- Resulta interesante **ter claro desde o comezo do proxecto que produto social relevante (produto final) queremos elaborar co noso proxecto**, xa que permite a visualización clara do obxectivo por parte do alumnado. Podería facerse unha vez rematada a investigación pero perdería parte do potencial en canto á motivación.

- Este **produto final ten que ter repercusión social**: que ten poder ser contado ó resto da comunidade escolar dalgún xeito, de forma que se comprenda por parte do alumnado a funcionalidade real do que fixo. **QUE SE FAI NA ESCOLA É A VIDA REAL** (ou debería ;))

- Deberemos **establecer vías que permitan que todos e todas coñezan os “descubrimentos” dos restantes compañeiros e grupos**: explicacións orais (apoiadas de paneis ou presentacións) dun grupo a outros, elaboración conxunta de documentais, murais... nos que teñan que intercambiar e explicar os descubrimentos (**non estamos seguros de que sabemos algo ata que somos capaces de contalo ós demais**)

Obviamente o alumnado **ten que ser partícipe en todo momento da decisión de que produto final queremos elaborar.**



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Productos sociais relevantes: exemplos

Sesión 9

- elaboración de murais e paneis explicativos
- elaboración de documentais contando os descubrimentos (previa planificación e escritura do guión)
- creación de contos e videocontos
- creación de produtos e obxectos reais que eran a causa do proxecto: un horto, planificar unha excursión, organizar un espazo concreto...
- xornadas monográficas para contar ós descubrimentos abertas á comunidade (especialmente ás familias)
- elaboración de ponencias feitas polos propios alumnos, tendo que planificar previamente que e como o van a contar, elaborando presentacións complementarias, guións para a exposición oral...
- elaboracións de libros e documentos impresos: guías de víaxes, libros monográficos sobre un tema para incluír na biblioteca ou enviar ás familias...
- elaboración de produtos finais online: crear un blog informativo e interactivo mantido polos alumnos, crear galerías de imaxes tipo diccionario visual, creación de vídeos online (TV escolar??)
- etc.



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Os proxectos de investigación

Sesión 9

Licenza Creative Commons:
cc-by-sa



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*